



Valoración de urxencia da negociación sobre a última fase da reforma das pensións

O venres día 10 fixéronse públicas a través dos medios de comunicación algunhas das medidas negociadas na mesa de diálogo sobre a segunda parte da reforma das pensións en curso.

Realizamos esta valoración de urxencia antes de que se peche a mesa de diálogo e sen que se fixese público o texto do acordo. Polo tanto, a nosa valoración é provisoria.

A proposta de aumentar de 25 a 30 anos o período de cálculo da base reguladora das novas pensións iniciais foi rexeitada.

Nos vindeiros 20 anos, as traballadoras e os traballadores poderán optar pola máis favorábel de dúas posibilidades:

1. Realizar o cálculo sobre os últimos 25 anos.
2. Realizar o cálculo sobre os últimos 29 anos, mais descartando os dous menos favorábeis.

Non se produce pois o endurecemento que pretendía o ministro Escrivá e polo que premia a Comisión Europea (CE). A segunda opción favorecerá as traballadoras e traballadores que desenvolveron carreiras de cotización irregulares con períodos de paro ou salarios precarios.

Aínda así, debemos lembrar que en 2011 se aumentou de 15 a 25 anos o período para o cálculo da pensión inicial, o que supuxo unha redución da pensión inicial. Este aumento non se derroga.

Ademais, acéptase que debe incrementarse os ingresos do sistema público de pensións para poder pagar as pensións segundo aumente a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre a poboación total.

Acórdase incrementar as bases máximas de cotización, crear unha cota de solidariedade e duplicar o Mecanismo de Solidariedade Interxeracional até o 1,2% do salario. Medidas que poderemos valorar cando se faga público o texto íntegro do acordo.

Entendemos que se está a dar unha mudanza de discurso: do “non hai recursos” a “hai que buscar ingresos para pagar as pensións futuras” e que



esta mudanza é froito da mobilización social na Galiza, en todo o Estado español e en Francia. Alí desenvólvese unha mobilización para impedir o aumento da idade de xubilación até os 64 anos que, sen dúbida, obrigou a mudar o punto de vista en Bruxelas. A CE comeza a se render á evidencia de que avanzar na privatización dos sistemas públicos de pensións e no recorte das prestacións sociais vai ter un custo crecente. Este xiro confírmanos na convicción de que é imprescindible continuar o labor de información, organización e mobilización e que debemos situar como obxectivos para os próximos meses e seguinte lexislatura:

1. Recuperar os 65 anos como idade legal de xubilación.
2. Derrogar a Lei Escrivá dos fondos de pensións de empresa.

Felicitámonos polos avances conseguidos pola mobilización social nos últimos meses:

1. Actualización das pensións ao 8,5%.
2. Subida das pensións mínimas e non contributivas un 15%.
3. Paralización do incremento do número de anos para calcular a base reguladora.

É posíbel avanzar en dereitos. A mobilización social é o único camiño.

Galiza, 11 de marzo de 2023.

Teléfono de contacto: 616635708, Gonzalo